

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025657	de Mugarodos	Mugarodos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CMAGA03	Xardinaria e floraría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0577	Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes	2023/2024	4	176	176
MP0577_12	Mantemento e mellora de espazos axardinados	2023/2024	4	111	111
MP0577_22	Realización de traballos en altura	2023/2024	4	65	65

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIO SOTO LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa XXXXXXXXXXXXX, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	90	40
2	Mantemento de céspedes e pradeiras	O alumnado aprenderá as realizar o mantemento dos céspedes e pradeiras do centro. Tamén reconecerá as especies cespitantes máis usadas en xardinería	17	15
3	Mantemento de elementos vexetais dos xardíns e zonas verdes	Métodos, técnicas, ferramentas etc, de mantemento, conservación e restauración de xardíns, zonas verdes e todos os elementos vexetais.	20	15
4	Mantemento de elementos non vexetais dos xardíns e zonas verdes	Ferramentas, técnicas e realización de mantemento e conservación dos elementos non vexetais dos xardíns e zonas verdes.	12	5
5	Rega e fertilización do xardín en zonas verdes	Mantemento do sistema de rego do xardín, fertilización, análise das necesidades de rega e fertilización e técnicas aplicadas.	7	5
6	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
7	Valoración do estado da árbore e do traballo, equipos, instalacións e desprazamentos en altura.	Sistemas, métodos, equipos e técnicas de realización de desprazamentos en altura.	15	10
8	Traballos en altura sinxelos e complexos.	Máquinas, ferramentas, sistemas, métodos, equipos, e técnicas de realización de traballos en altura.	15	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	90

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mantén e restaura o xardín ou a zona verde, e describe os métodos e as técnicas de conservación.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rega e fertiliza o xardín ou a zona verde, para o que analiza as necesidades das plantas e as técnicas de aplicación.	NO
RA3 - Realiza o mantemento dos elementos non vexetais do xardín ou da zona verde, e describe as ferramentas e as técnicas asociadas.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse os labores de mantemento e de limpeza.
CA1.3 Seleccionouse e plantouse o material vexetal de tempada.
CA1.4 Aplicáronse os tipos de poda segundo as especies e a funcionalidade.
CA1.5 Realizáronse os labores de conservación do céspede.
CA1.5.1 Realizaronse labores de conservación de céspedes
CA1.5.2 Realizaronse labores de implantación de tepes
CA1.6 Elimináronse ou recicláronse os residuos vexetais.
CA1.7 Realizouse a reposición de elementos vexetais deteriorados.
CA1.7.1 Identifícanse os as especies y variedades vexetais do xardín, e se coñecen as S 10 súas características de crecemento e cultivo
CA1.8 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA1.9 Valorouse o traballo en equipo.
CA1.10 Aplícase a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais, así como a específica de xardinaría.
CA2.1 Valoráronse as necesidades das plantas.
CA2.2 Calculáronse os fertilizantes.

Criterios de avaliación
CA2.3 Descríbense as técnicas de fertilización.
CA2.4 Aplicáronse as emendas e a fertilización.
CA2.5 Utilizouse o sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.
CA2.7 Comprobouse a eficacia da rega.
CA2.8 Realizáronse labores de substitución de substratos.
CA2.9 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA2.10 Aplicouse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.
CA3.1 Caracterizáronse as operacións de mantemento e mellora.
CA3.2 Seleccionáronse as ferramentas segundo a operación que vaia realizarse.
CA3.3 Substituíronse ou reparáronse os elementos non vexetais e a moblaxe no xardín ou na zona verde, traballando en equipo.
CA3.4 Substituíronse ou reparáronse os elementos deteriorados dos sistemas e das construcións do xardín ou da zona verde, respectando o marco artístico e cultural.
CA3.5 Realizáronse as operacións de conservación de piscinas e estanques.
CA3.6 Utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función da operación que se vaia realizar.
CA3.7 Aplicouse a normativa local, ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación dun proxecto de conservación e mantemento dun xardín. Planos e esbozos do xardín: interpretación.
Peculiaridades do mantemento e da restauración nos xardíns históricos. Carta de Florencia.
Necesidades de poda e as súas técnicas: finalidade.

Contidos
<p>Mantemento e conservación de céspedes: sega, perfilamento de bordos, escarificación e aireamento, recebos e resementeiras.</p> <p>Mantemento e conservación de céspedes: sega, perfilado, escarificado, aireado, recebo e resementeiras</p> <p>A implantación de tepes</p> <p>Causas que inflúen na deterioración do xardín.</p> <p>Reposición de fallas.</p> <p>Determinación das necesidades de auga e fertilizantes.</p> <p>Aplicación de fertilización e emendas nas etapas de desenvolvemento.</p> <p>Manexo do sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.</p> <p>Manexo de plantas en contedores.</p> <p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.</p> <p>Causas de deterioración dos elementos non vexetais.</p> <p>Mantemento e reparación das instalacións e dos equipamentos: materiais e ferramentas.</p> <p>Conservación e limpeza de piscinas e estanques: materiais e produtos; periodicidade; tratamentos da auga; controis na depuración; mantemento de inverno.</p> <p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.</p> <p>Normativa local.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Mantemento de céspedes e pradeiras	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mantén e restaura o xardín ou a zona verde, e describe os métodos e as técnicas de conservación.	NO
RA2 - Rega e fertiliza o xardín ou a zona verde, para o que analiza as necesidades das plantas e as técnicas de aplicación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizáronse os labores de conservación do céspede.
CA1.5.1 Realizaronse labores de conservación de céspedes
CA1.5.2 Realizaronse labores de implantación de tepes
CA1.6 Elimináronse ou recicláronse os residuos vexetais.
CA1.8 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA1.9 Valorouse o traballo en equipo.
CA1.10 Aplícase a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais, así como a específica de xardinaría.
CA2.1 Valoráronse as necesidades das plantas.
CA2.4 Aplícanse as emendas e a fertilización.
CA2.5 Utilízase o sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.
CA2.7 Comprobase a eficacia da rega.
CA2.9 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA2.10 Aplícase a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.2.e) Contidos

Contidos
OMáquinas, ferramentas e utensilios: características, selección, uso e mantemento.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais, así como a específica de xardinaría.

Contidos
<p>Mantemento e conservación de céspedes: sega, perfilamento de bordos, escarificación e aireamento, recebos e resementeiras.</p> <p>Mantemento e conservación de céspedes: sega, perfilado, escarificado, aireado, recebo e resementeiras</p> <p>A implantación de tepes</p> <p>Eliminación ou reciclaxe dos residuos vexetais: queima, trituración, reciclaxe, etc.</p> <p>Determinación das necesidades de auga e fertilizantes.</p> <p>Aplicación de fertilización e emendas nas etapas de desenvolvemento.</p> <p>Manexo do sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.</p> <p>Máquinas, ferramentas e utensilios: características, selección, uso e mantemento.</p> <p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Mantemento de elementos vexetais dos xardíns e zonas verdes	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mantén e restaura o xardín ou a zona verde, e describe os métodos e as técnicas de conservación.	NO
RA2 - Rega e fertiliza o xardín ou a zona verde, para o que analiza as necesidades das plantas e as técnicas de aplicación.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse os labores de mantemento e de limpeza.
CA1.2 Elaborouse o calendario de tarefas en función das necesidades do xardín ou da zona verde.

Criterios de avaliación
CA1.2.1 Establécense as categorías segundo as calidades de xardín, e elaborouse un S 15 calendario de mantemento
CA1.2.2 Calcúlanse os custos das labores de mantemento segundo o rendemento da S 10 execución das labores
CA1.3 Seleccionouse e plantouse o material vexetal de tempada.
CA1.4 Aplicáronse os tipos de poda segundo as especies e a funcionalidade.
CA1.6 Elimináronse ou recicláronse os residuos vexetais.
CA1.7 Realizouse a reposición de elementos vexetais deteriorados.
CA1.7.1 Identifícanse os as especies y variedades vexetais do xardín, e se coñecen as S 10 súas características de crecemento e cultivo
CA1.8 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA1.9 Valórouse o traballo en equipo.
CA1.10 Aplícouse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais, así como a específica de xardinaría.
CA2.4 Aplicáronse as emendas e a fertilización.
CA2.7 Comprobouse a eficacia da rega.
CA2.8 Realizáronse labores de substitución de substratos.
CA2.9 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA2.10 Aplícouse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.3.e) Contidos

Contidos
Documentación dun proxecto de conservación e mantemento dun xardín. Planos e esbozos do xardín: interpretación.
0Máquinas, ferramentas e utensilios: características, selección, uso e mantemento.

Contidos
<p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais, así como a específica de xardinaría.</p> <p>Peculiaridades do mantemento e da restauración nos xardíns históricos. Carta de Florencia.</p> <p>Labores de mantemento, mellora e limpeza dun xardín ou unha zona verde: calendario.</p> <p>Cálculo de custos e rendementos dos traballos de mantemento.</p> <p>Material vexetal de tempada: selección e plantación.</p> <p>Densidades de plantación</p> <p>Necesidades de poda e as súas técnicas: finalidade.</p> <p>Eliminación ou reciclaxe dos residuos vexetais: queima, trituración, reciclaxe, etc.</p> <p>Causas que inflúen na deterioración do xardín.</p> <p>Reposición de fallas.</p> <p>Aplicación de fertilización e emendas nas etapas de desenvolvemento.</p> <p>Técnicas e materiais de rega de baixo consumo: polímeros de retención de auga, hidroxeles e arxilas expansivas.</p> <p>Manexo do sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.</p> <p>Manexo de plantas en contedores.</p> <p>Máquinas, ferramentas e utensilios: características, selección, uso e mantemento.</p> <p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Mantemento de elementos non vexetais dos xardíns e zonas verdes	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento dos elementos non vexetais do xardín ou da zona verde, e describe as ferramentas e as técnicas asociadas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Caracterizáronse as operacións de mantemento e mellora.
CA3.2 Seleccionáronse as ferramentas segundo a operación que vaia realizarse.
CA3.3 Substituíronse ou reparáronse os elementos non vexetais e a moblaxe no xardín ou na zona verde, traballando en equipo.
CA3.4 Substituíronse ou reparáronse os elementos deteriorados dos sistemas e das construcións do xardín ou da zona verde, respectando o marco artístico e cultural.
CA3.5 Realizáronse as operacións de conservación de piscinas e estanques.
CA3.6 Utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función da operación que se vaia realizar.
CA3.7 Aplícase a normativa local, ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Causas de deterioración dos elementos non vexetais.</p> <p>Mantemento e reparación das instalacións e dos equipamentos: materiais e ferramentas.</p> <p>Conservación e limpeza de piscinas e estanques: materiais e produtos; periodicidade; tratamentos da auga; controis na depuración; mantemento de inverno.</p> <p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.</p> <p>Normativa local.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Rega e fertilización do xardín en zonas verdes	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rega e fertiliza o xardín ou a zona verde, para o que analiza as necesidades das plantas e as técnicas de aplicación.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valoráronse as necesidades das plantas.
CA2.2 Calculáronse os fertilizantes.
CA2.3 Descríbóronse as técnicas de fertilización.
CA2.4 Aplicáronse as emendas e a fertilización.
CA2.5 Utilizouse o sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.
CA2.6 Valorouse o emprego de sistemas de rega de baixo consumo.
CA2.7 Comprobouse a eficacia da rega.
CA2.8 Realizáronse labores de substitución de substratos.
CA2.9 Seleccionáronse, utilizáronse e mantivéronse as ferramentas e a maquinaria en función do labor que se vaia realizar.
CA2.10 Aplicouse a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.5.e) Contidos

Contidos
Determinación das necesidades de auga e fertilizantes.
Aplicación de fertilización e emendas nas etapas de desenvolvemento.

Contidos
<p>Técnicas e materiais de rega de baixo consumo: polímeros de retención de auga, hidroxeles e arxilas expansivas.</p> <p>Manexo do sistema de rega, fertirrigación e hidroponía.</p> <p>Manexo de plantas en contedores.</p> <p>Máquinas, ferramentas e utensilios: características, selección, uso e mantemento.</p> <p>Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa	0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Valoración do estado da árbore e do traballo, equipos, instalacións e desprazamentos en altura.	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza desprazamentos en altura, para o que identifica os sistemas e os métodos de gabeamento.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse o equipamento de traballo que se vaia utilizar.
CA1.2 Valoráronse as situacións de risco.
CA1.3 Analizáronse os desprazamentos que cumpra realizar na copa da árbore.
CA1.4 Sinalizouse a zona de traballo.
CA1.5 Instalouse o equipamento de gabeamento para subir á copa.
CA1.6 Realizouse o gabeamento e o descenso da árbore.
CA1.7 Valorouse o estado do material, logo de recollido.
CA1.8 Realizouse o mantemento do equipamento.
CA1.9 Aplicouse a normativa ambiental, a de prevención de riscos laborais e a específica das tarefas que se vaian realizar.

4.7.e) Contidos

Contidos
Técnicas de traballo en árbores. Técnicas básicas de gabeamento.
Equipamentos, utensilios e materiais de gabeamento: características, conservación e almacenamento.
Sinalización das zonas de traballo.
Técnicas de desprazamento: movementos pola copa.
Movementos de descenso.
Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Traballos en altura sinxelos e complexos.	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Efectúa traballos en altura e describe as máquinas, as ferramentas e os métodos.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valoráronse e marcáronse as zonas de actuación.
CA2.2 Identifícaronse as técnicas de poda.
CA2.3 Podáronse as pólas seleccionadas.
CA2.4 Aplicáronse as técnicas de tratamento das feridas de poda.

Criterios de avaliación

CA2.5 Realizouse o descenso controlado de troncos cortados e pólas.

CA2.6 Identificouse, seleccionouse e mantívose a maquinaria e as ferramentas.

CA2.7 Valorouse o plan de actuación para casos de emerxencia.

CA2.8 Aplicouse a normativa ambiental, a de prevención de riscos laborais e a específica das tarefas que cumpra realizar.

4.8.e) Contidos
Contidos

Obxectivos da poda en altura.

Técnicas de poda do arborado: eliminación de pólas.

Descenso guiado de pólas: características.

Maquinaria e ferramentas de poda.

Seguridade nos labores dos traballos en altura: primeiros auxilios e plan de emerxencias.

Normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación de 5 puntos como resultado da suma das porcentaxes das unidades formativas.

As cualificacións das avaliacións reflexaranse en números enteiros e, polo tanto, realizarase o redondeo á baixa entre o 0.10 e o 0.49 (ambos inclusive) e á alza entre o 0.50 e o 0.99

A nota de cada unidade didáctica será a media ponderada das notas dos instrumentos de avaliación empregados.

Os instrumentos de avaliación serán ponderados segundo o seguinte criterio:

Nota das actividades de desempeño diario*0,40+probos prácticas*0,30+Probos teóricas*0,30

As notas da 1ª e 2ª avaliación será a media das notas das UD's avaliadas totalmente. A nota da 3ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD

As notas trimestrais e finais son sempre números enteiros (redondeo da nota).

No caso de non superar unha proba con criterios mínimos, a nota desa avaliación será de 4 ou se a media fora inferior, sería a nota media.

A nota final será a mesma que a da 3ª avaliación para os alumnos que superaron o módulo.

Cada proba obxectiva escrita constará de varias preguntas. En cada proba se indicará o valor de cada pregunta sendo a nota de 0 a 10 puntos.

No Instrumento de avaliación correspondente a Táboa de indicadores evaluaranse os criterios de avaliación específicos de cada actividades cunha serie de Items cunha gradación de 0 a 5 segundo o grado cumprimento.

Se durante a realización dunha proba se sorprendera a algún alumno copiando, cualificaráselle esa proba con 0 puntos.

Se na realización dunha tarefa se detectase un plaxio total ou parcial desa práctica, cualificaráselle esa práctica con 0 puntos.

O alumno que por algunha causa non asista a realización dunha proba ou non entregue a tarefa na data establecida, cualificaráselle con 0 puntos e tampouco será correxida

Os alumnos perden o dereito a avaliación continua cando superan o 10% de falta de asistencia sobre a duración do módulo. No caso de perda de dereito de avaliación continua o alumno que non poida ser avaliado cos instrumentos habituais do curso deberá acudir a unha proba de avaliación extraordinaria antes da avaliación final, que complemente aos instrumentos de avaliación empregados durante o curso.

De xeito xeral faise constar que a seguridade nas actividades prácticas é básica. Polo que no caso de determinadas clases prácticas, nas que se explica, se organiza o traballo e se expoñen as medidas e equipamentos de seguridade necesarios, tanto persoais como colectivos, se un alumno/a chega tarde á clase, poderá quedar excluído da realización da tarefa obtendo unha cualificación negativa na mesma. O incumplimento manifesto das normas de seguridade supón a non superación da actividade. E no caso que o incumplimento sexa de tal gravidade que poña en risco a integridade das persoas, implica a inmediata paralización e expulsión da actividade. Asimesmo o mantemento da orde, a limpeza e o bo uso das ferramentas, equipamentos espazos empregados tamén é básico polo que o incumplimento manifesto supón a non superación da actividade.

Contidos mínimos:

Mantemento e mellora de espazos axardinados

CA1.1

CA1.2

CA1.2.1

CA1.2.2

CA1.3

CA1.4

CA1.5

CA1.5.1
CA1.5.2
CA1.6
CA1.7
CA1.7.1
CA1.8
CA1.9
CA1.10
CA2.1
CA2.2
CA2.4
CA2.5
CA2.7
CA2.9
CA2.10
CA3.1
CA3.2
CA3.3
CA3.6
CA3.7
Realización de traballos en altura
CA1.1
CA1.2
CA1.4
CA1.5
CA1.6
CA1.9
CA2.2
CA2.3
CA2.6
CA2.7

CA2.8

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para o alumnado que non supere o módulo, o equipo docente ou profesor realizará un Informe de Avaliación Individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, que poderá recuperar no terceiro trimestre.

As actividades de Identificar, Describir, Relacionar, Analizar ou Comprobar poden ser realizados de forma máis ou menos autónoma polo alumnado no período de recuperación baixo unhas directrices e unha supervisión do profesor, manexando a bibliografía ou os medios dos que dispón o centro.

Reforzos para lograr a recuperación: naqueles criterios de avaliación que o alumnado necesite recuperar e non estean incluídos no apartado anterior o profesor fará individualmente con cada un dos alumnos e alumnas un reforzo específico para eles segundo o Informe individualizado.

Na proba de recuperación final realizarase proba escrita, práctica ou combinación de ambas, dependendo das UD que teña suspensas. A puntuación de cada UD a recuperar será a obtida pola ponderación de cada unha delas segundo o peso que teñen na programación. Considerase positiva as puntuacións iguais ou superiores a 5 sobre 10. As cualificacións finais irán redondeadas a un número enteiro.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non aplica a perda da avaliación continua ao alumnado de DUAL, non obstante, isto non exime do control de ausencias do alumnado ao centro educativo.

No caso de ausencias, xustificadas ou non, que fagan imposible a comprobación da superación dos criterios de avaliación contidos nesta programación, poderá solicitarse ao alumnado a realización dunha proba antes do acceso á empresa (mes de marzo).

Nesa proba avaliarase se o alumno ou alumna cumpre cos requisitos de manexo seguro de maquinaria e desempeño básico (da parte de mantemento de xardíns) para acudir ao mundo laboral.

O número de faltas a partir do cal se acoderá a este procedemento será do 20% das totais do módulo.

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización, funcionamento e convivencia.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase segundo o procedemento de calidade vixente nos CIFP, tendo en conta que poderá sufrir modificacións xustificadas ao longo do curso para adaptarse ás necesidades e particularidades que se vaian producindo, ás condicións meteorolóxicas e aos ciclos biolóxicos das plantas coas que se traballa. A avaliación da práctica docente farase mediante as enquisas de avaliación do módulo que se realizan ó alumnado e por calquer outro procedemento ó alcance do profesor.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumna-o en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Neste punto traballarase coordinadamente co departamento de orientación, informando dos problemas de aprendizaxe e das medidas adoptadas. En xeral as medidas de reforzo educativo serán:

- Repetición de actividades.
- Realización de actividades en grupos compensados para ter modelos a seguir e poder solucionar dudas e corregir fallos.
- Realización de traballos extra
- Actividades complementarias

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Teranse en conta aqueles aspectos relacionados con entorno laboral, facendo especial fincapé en:



Igualdade, educación no respecto, educación medioambiental, seguridade laboral e responsabilidade no posto de traballo, pulcritude na execución dos traballos, orde nos traballos realizados, gusto polo traballo ben feito etc.

Estas actitudes fomentaránse da seguinte maneira:

- A través dos parámetros e directrices marcados para a realización de cada actividade.
- Pola metodoloxía de traballo en grupo e individual, asignando responsabilidades individuais e colectivas.
- Polos propios contidos de cada unidade, que farán referencia a un ou varios dos valores indicados.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visita a campos de golf, observar os labores de mantemento e conservación, especialmente dos céspedes, fertilización e sistema de rego.
- Visita a un xardín público ou privado con instalacións de mobiliario nas que se realicen tanto operacións de mantemento de elementos vexetais como de elementos non vexetais.
- Visita a un xardín histórico, para coñecer de cerca ás características e peculiaridades do seu mantemento, por exemplo o Pazo de Quiñones de León, Vigo.
- Charla impartida por un técnico sobre normativa e mantemento de xogos infantis, parques para adultos e mobiliario urbano.
- Charla impartida por un experto sobre os últimos aparatos empregados para a realización de actividades de trepa en altura e actividades de rescate.
- _ Charlas sobre poda impartida por expertos na materia: castiñeiros, froiteiras,...